

PLAN DE TRABALLO

COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Plan de Traballo da coordinadora de Benestar e Convivencia realizado según a Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura desa persoa coordinadora nos centros docentes de Galicia (DOG 31 de agosto de 2023) e que determina no seu artigo 4 o Plan de Traballo a realizar e que será incluído dentro do Plan de Convivencia do centro.

A.- INTRODUCIÓN

A Lei 8/2021 de 4 de xuño de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia créase como unha necesidade para a atención e protección dos menores fronte a diferentes situación de risco. Dentro do sistema educativo dita lei indica que, ademais de fomentar unha educación igualitaria e inclusiva, o sistema ten que favorecer unha escola segura para a rapazada, libre de violencia e garantindo a igualdade e respecto a través do emprego de métodos pacíficos de comunicación e resolución de conflitos.

Na citada lei aparece a figura de Coordinadora de Benestar e protección do alumnado como aquela que vela pola execución dos principios que se sinalan. No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, dado que unha figura similar xa foi establecida a través do Plan de Convivencia, esta pasará a denominarse Coordinadora de Benestar e Convivencia (CBC en diante), asumindo as funcións de coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

O noso centro, CEIP Plurilingüe Alborada (A Coruña), ven observando a necesidade de instruir ao alumnado en todos aqueles aspectos que, dende o ámbito escolar, favorezan o seu desenvolvemento persoal e social. Dita inquietude maniféstase, dende hai uns cursos, na elaboración de actividades diversas tanto externas como internas que fomentan a validación do noso

alumnado como individuo coa súa propia identidade. Froito desta necesidade de educar no respecto, comunicación afectiva e resolución de conflitos para mellorar o autoconcepto e a autoestima do alumnado e do profesorado do centro creouse, xa no curso 2022-23, a figura de Coordinadora de Benestar, xunto coa elaboración por parte do equipo directivo do Plan de Benestar Emocional. Nese curso as funcións da Coordinadora de Benestar centráronse na presentación desta figura ante a comunidade educativa, a través de actividades sinxelas de ámbito xeral para todo o centro.

Na actualidade, ante a publicación da Orde de 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia (DOG 31 de agosto de 2023), o noso centro ten a oportunidade de organizar e concretar as funcións desta coordinadora, nomeada pola dirección do centro dende o curso pasado por un período de dous anos.

B.- ANÁLISE DO CONTEXTO

O noso centro CEIP Plurilingüe Alborada, situado nun barrio da cidade de A Coruña, está formado por un edificio de tres plantas e por patios e pistas externas xunto cun horto escolar. Nos últimos cursos e na actualidade, todos os espazos están sendo reforzados e modificados para crear ambientes funcionais, acolledores e cálidos que vaian parelllos ao estilo de ensinanza que se está a instaurar no centro. Isto vai en consonancia tamén co estilo de vida saudable que se está a introducir a través das actividades de fomento da actividade física, da participación en programas de alimentación saudable, das actividades de carácter emocional ou de prevención, entre outras. Trátase, en definitiva, de crear no centro ambientes amables para unha educación respectuosa que fomente o benestar da comunidade educativa.

Actualmente, hai trescentos corenta e tres alumnos e alumnas escolarizados no centro, vinte e oito mestres e mestras (unha alta porcentaxe

definitiva) e varias profesionais que forman o persoal non docente. O clima de traballo en xeral é tranquilo e respectuoso.

Por outra parte, según se recolle no noso Plan de Convivencia (modificado e revisado no actual curso escolar 2023-24) podemos considerar que existe en xeral un clima óptimo de convivencia entre a comunidade educativa, "dándose interaccións positivas entre o alumnado e profesorado, áínda que certas condicións persoais e/ou socio-familiares repercuten no eido da convivencia: así un reducido número de nenos/as con problemas socio-familiares están a incidir non só no seu rendemento escolar senón tamén nas relacións sociais no centro (aceptación e respecto das normas, integración no grupo de iguais, conflitividade...)".

Á hora da facer unha análise do contexto con respecto as funcións da CBC, hai que destacar a coordinación existente entre esta figura e o equipo directivo dende o curso pasado; realizando conjuntamente actividades de planificación e resolución de problemas relacionados co benestar do centro. Non obstante, non foi estruturado nese curso o traballo da coordinadora debido á falta de normativa administrativa concreta.

Como xa foi sinalado, dende o centro promóvense actuacións que favorecen a aprendizaxe dos principios de diversidade, convivencia e habilidades sociais a través de actividades con monitores externos e colaboración con diversas organizacións. O centro é centro acreditado en Educación Responsable da Fundación Botín polo que certo número de profesorado e alumnado foi instruído en educación emocional, social e de creatividade durante tres anos.

Debido a que a CBC forma parte do Departamento de Orientación do centro é doado colaborar no deseño de actuacións que repercutan na atención á diversidade e que fomenten o respecto cara ao alumnado con calquera situación de vulnerabilidade.

A coordinación entre os servizos sociais e o centro establecese a través da directora ou do orientador, xeralmente como actuación concreta ante unha circunstancia puntual. As coordinacións de prevención con estes servizos

provocan resultados positivos polo que é un aspecto a mellorar nas nosas actuacións.

Por último, en canto ás relacións coas familias, mantense contacto frecuente coas mesmas por parte do profesorado para informar sobre a evolución dos seus fillos e fillas. As campañas de formación e asesoramento para as familias que foron promovidas dende o centro tiveron escasa participación.

C.- OBXECTIVOS

| OBXECTIVOS | *NI | EP | A |
|--|-----|----|---|
| Coordinar o Plan de Convivencia do centro e colaborar na súa dinamización xunto coa Comisión de Convivencia. En coordinación co equipo directivo (c.e.d. en diante). | | | |
| Fomentar o uso de métodos de resolución de conflitos por parte do persoal do centro e do alumnado (habilidades sociais, intelixencia emocional, autoestima, mediación,...). (c.e.d.). | | | |
| Ser figura de referencia na comunidade educativa das comunicación relacionadas con posibles casos de violencia no centro ou no seu entorno. (c.e.d.). | | | |
| Informar ao persoal do centro dos protocolos de protección e prevención da violencia existentes na Consellería, na nosa localidade e na Comunidade Autónoma. (c.e.d.). | | | |
| Promover, cando sexa necesario, a comunicación inmediata por parte do centro ás forzas e corpos de seguridade do Estado. (c.e.d.). | | | |
| Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia entre o persoal do centro (en especial as titoras e titores) e adquisición por parte do alumnado de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia. (c.e.d.). | | | |
| Promover unha alimentación saudable e nutritiva entre o | | | |

| | | | |
|---|--|--|--|
| alumnado. (c.e.d.). | | | |
| Promover a comunicación inmediata do centro á persoa delegada de protección de datos da Consellería de Educación, cando existan situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais do alumnado. (c.e.d.). | | | |
| Promover medidas para garantir o máximo benestar da infancia e a cultura do bo trato, coordinando actuacións dende o centro e dende as titorías. (En coordinación co departamento de orientación, c.d.o. en diante). | | | |
| Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou outra circunstancia de vulnerabilidade ou diversidade. (c.d.o.). | | | |
| Coordinar, según os protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais correspondentes. (c.d.o.). | | | |
| Promover plans de formación en materia de benestar e de prevención, detección precoz e protección da infancia dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza a función de tutela, garda ou acollemento. (En coordinación coa asociación de pais e nais do centro). | | | |

* Estes obxectivos serán levados a cabo atendendo aos seguintes indicadores: NI (Non Iniciado); EP (En Proceso) e A (Acadado).

D.- PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E, NO SEU CASO, DE DIFUSIÓN.

O Plan será revisado ao final de cada curso escolar, unha vez sexa avaliada a súa concreción anual incluída na Programación Xeral Anual. Ditas revisións poderán conllevar unha modificación do mesmo ao finalizar o mandato de dous anos da CBC.

O presente Plan de Traballo da CBC estará incluído no Plan de Convivencia do centro e será difundido, tanto o presente documento como as posibles modificacións, entre a comunidade educativa.

Montserrat Barros Grela
Coordinadora de Benestar e Convivencia